

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI2FA	<i>Expediente</i> CON/33/2015	<i>Fecha</i> 17-12-15 09:39

Número 14 .- Reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015. ADXUDICACIÓN a RAFER S.L.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 16 de decembro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 14 .- REPARACIÓN DA RÚA PEDREIRA E ANEXAS. POS 2015. ADXUDICACIÓN A RAFER S.L.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta de data 15 de decembro de 2015, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe con observacións nº 2015/924 de data 16 de decembro de 2015, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora municipal.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI2FA	<i>Expediente</i> CON/33/2015	<i>Fecha</i> 17-12-15 09:39

Primeiro: Con data 11 de decembro de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador **CONSTRUCCIONES RAFER SL**.

Segundo: Con data 15 de decembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresa CNES. J. MAURI E HIJOS SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, SONDEOS PORZUNA SL, OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, ALCOMTE GALICIA SL, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU e GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU por non xustificar debidamente ó seu carácter desproporcionado ou temerario, de acordo co informado polo departamento municipal de obras e proxectos.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia á empresa **CONSTRUCCIONES RAFER SL**, que oferta realizar as obras por un importe de **147.641,80** euros (IVE aparte 21%: 31.004,78 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Designar como responsable-director do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro superior municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 61900**, tramitándose como expediente anticipado de gasto, ó abeiro do disposto no artigo 110.2 do TRLCSP, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos vindeiros exercicios orzamentarios, de acordo co seguinte desglose:

Anualidade 2016: 178.646'58 euros."

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI2FA	CON/33/2015	17-12-15 09:39

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresa CNES. J. MAURI E HIJOS SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, SONDEOS PORZUNA SL, OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, ALCOMTE GALICIA SL, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU e GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU por non xustificar debidamente o seu carácter desproporcionado ou temerario, de acordo co informado polo departamento municipal de obras e proxectos.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia á empresa **CONSTRUCCIONES RAFER SL**, que oferta realizar as obras por un importe de **147.641,80** euros (IVE aparte 21%: 31.004,78 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

Designar como responsable-director do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro superior municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 61900**, tramitándose como expediente anticipado de gasto, ao abeiro do disposto no artigo 110.2 do TRLCSP, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos vindeiros exercizos orzamentarios, de acordo co seguinte desglose:

Anualidade 2016: 178.646'58 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**

